

«Os xornais son literatura potencial, a realidade sempre supera a ficción»

► Álex Alonso presentou nas Catas do MIHL 'Tempos de bebidas isotónicas e fast food'

► A obra, gañadora do Ánxel Fole, reúne trinta relatos sobre as consecuencias da crise

MARÍA L. VIÑAS

✉ mlopezv@elprogreso.es

LUGO. As Catas Literarias do Museo Interactivo da Historia de Lugo (MIHL) recibiron onte o que durante un tempo foi casi veciño da cidade —traballou durante sete anos, ata hai tres, como tradutor intérprete na Audiencia Provincial—, o autor Álex Alonso, que presentou o seu último traballo, o libro de relatos 'Tempos de bebidas isotónicas e fast food' (Xerais), merecedor do premio Ánxel Fole.

Álex Alonso (Vigo, 1968) recoñecía unhas horas antes do acto

que a primeira noticia sobre a existencia das Catas deulla o director de Xerais, Manuel Bragado: «Non, non sabía delas, pero entre literatura, pinchos, que como en Lugo en ningún outro sitio, o viño e a música, é un cóctel máis que atraínte».

Licenciado en Filoloxía Galega e Hispánica pola Universidade de Santiago de Compostela, actualmente traballa como tradutor intérprete na Audiencia Provincial de Pontevedra. Acadou unha mención especial do xurado en 2003 no XII Certame Manuel

Murguía de narracións breves pola obra 'Estremonías' e gañou en 2010 o cuarto certame de relatos de muller Maltilde Bares por 'Xénero imperfecto'.

O premio Ánxel Fole, «para min», —salienta— «é un orgullo pola relación que teño con Lugo. A Lugo lle collín e lle gardo moito cariño. É unha cidade moi accesible, con xente moi cariñosa, que integra os demais», opina.

Alonso conta que escribiu desde sempre como «unha actividade necesaria». E esa afección tanto

«En Lugo traballei sete anos e gárdolle moito cariño. É unha cidade moi accesible, que integra os demais», dixo onte o escritor

pola escrita como pola lectura, convertiuse nestes últimos anos «nun soño» que está vivindo.

'Tempos de bebidas isotónicas e fast food', composto por trinta relatos breves sobre as contradicións e o devalo da sociedade galega do noso tempo, nace da indignación. «Si, esa é a palabra clave», convén o autor. «O libro nace para expresar esa indignación que sentías por dentro durante os anos da crise, que aínda segue presente, aínda que se fale menos de primas de risco. Todo este bombo sobre preferentes, precariedade laboral... Tamén o sufrín eu. Nun momento dado xa se dicía que non chegaba con aprobar unha oposición. Había o perigo de que nos enviasen para casa», recorda.

Trinta relatos duros, que compensa co humor, e que toman como fonte de inspiración as novas dos xornais, «que son literatura en potencia», asegura. «Estanche contando unha realidade que sempre supera a ficción. Está comprobado», engade.

A obra resulta eminentemente urbana. «Xa mo dicía o escritor Marcos Calveiro, que non existía o rural. Supoño que tamén é o que vivo. Recoilo un pouco o que teño máis preto», afirma.

Esas historias que Alonso constrúe sobre a crise, as novas tecnoloxías ou a violencia de xénero están narradas en primeira persoa coa intención de derrubar calquera cortina ou barreira co lector, e facelas «máis impactantes».

Ri ao recordar os seus tempos de barman e, ao preguntarlle se lle serviron para dotar de frescura os diálogos, responde: «Traballei como camareiro cinco anos e percibes moitas cousas. Eu son observador, e gústame, por exemplo, escoitar como se expresa a xente. Pero sobre todo, daste de conta da soidade das persoas».



Álex Alonso, onte no MILH de Lugo. XESÚS PONTE